

Poesia do corpo

Carlos Manuel Callón Torres

Título: Desterrada do meu corpo

Autora: Verónica Martínez Delgado

Edita: Letras de Cal, Santiago de Compostela, 2001

Nunha destas coidadas edicións de Letras de Cal chegou hai uns meses ás librerías o que foi o accésit do primeiro certame de poesía convocado por esta peculiar editora, xa referencial no campo da poesía galega.

Significativamente, esta obra de Verónica Martínez Delgado ten como deseño de portada un traballo de Folloni onde un corpo nu de muller, sen trazos humanos na cabeza, aparece suspenso no escuro. Na lapela, a escritora define-se constatando: "Sei que son o produto inevitable dun instante de desexo incontrolado de hai case vintecinco anos. / Esa paixón sen medida que domina todo o meu ser é a herdanza que obtiven dos meus pais e con ela quedo." Como vemos, antes de entrar nos poemas, xa o público relacionará a obra coa liña da poesía galega última en que as mulleres, especialmente as máis novas, escriben subversivamente sobre o seu corpo e a súa vivencia do sexo. Tamén as citacións son ben indicativas dos referentes en que se inscribe este libro: o exilio aniquilador de Lois Pereiro, a poesía da experiencia de Antón Tovar, unha referencia de José Luís Peixoto sobre o corpo e, por último, unha sintomática reflexión da Clarice Lispector d'*A hora de Estrela*: "Não sou um intelectual, escrevo com o corpo."

Através duns poemas minimalistas, rastrea-se a existencia dunha especificidade corporal feminina, para a cal non se deixa de invocar o imaxinario xa existente ao respecto, como pode ser vincular a sexualidade das mulleres e a reprodución: "Císcase / a miña intimidade / por esta habitación / (...) / rebordando os muros de contención / como cando rompes augas" ou "Tocábasme / o ventre / coma un deus toca o seu mundo. / Eu non estaba preñada, / pero medroume un mar / de desexos / que durou unha vida."

A cotidianidade dunha relación de parella reflecte-se en pequenos aconteceres íntimos, dos cais muda a percepción conforme pasan as páxinas, levandonos a percorrer o camiño da crise afectiva. O sentimento da viaxe non é só interior, senón tamén exterior, sexa pola invocación de topónimos como Lisboa, Coimbra, Madrid..., pola referencia aos mapas, ou pola sensación de morriña e, sobre todo, de desterro que se nos transmite.

O itinerario da paixón vai desde o máis convencional (a heterosexista vinculación coa reprodución xa indicada) até a ruptura co establecido como normal. Así, hai insinuacións, aínda que plurisignificativas, que nos levan á idea do trio, do sexo fóra do "amor", etc. A vivencia da sexualidade con tal forza leva á necesidade de procurar referentes que impidan a desestabilización: daí veñen os trazos culturalistas deste poemario. O libro conclúe cunha reflexión metaliteraria vinculada ao antedito: a necesidade de escribir "sobre / esta encrucillada."